



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN
DATA 9 DE XANEIRO DE 2026**

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

MARÍA JOSÉ PERNAS DIAZ

ISMAEL DURÁN BEREJO

MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ

LUCÍA PICOS ANEIROS

SECRETARIA ACCIDENTAL:

Mª DEL MAR ANTÓN BRAGE

(Resolución de Alcaldía nº 712/2025 do 23 de decembro)

INTERVENTORA:

MARÍA CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:48 horas do día 9 de xaneiro de 2026, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria accidental, dona Mª del Mar Antón Brage, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 19.12.2025

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 19.12.2025, ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. BAIXA DO RECIBO DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO POR CESE DE ACTIVIDADE E ANULACIÓN DE RECIBO. EXP: 2025/X999/000265

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 23.12.2025, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: BAIXA DO RECIBO DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO POR CESE DE ACTIVIDADE E ANULACIÓN DE RECIBO. EXP: 2025/X999/000265.

Solicitud: 202599900002439 (17.11.2025)

Solicitante:



Interesado:

ANTECEDENTES

Datos identificativos

Nº Fixo: 253000642073

Enderezo:

Primeiro. Preséntase solicitude para baixa do recibo da taxa de recollida de lixo por cese de actividade.

Segundo. Compróbase pola Policía Local que non se exerce actividade comercial dende, polo menos, decembro de 2022.

Terceiro. Compróbase polo Servizo de Recadación do Concello que está pendente de pago a liquidación do exercicio 2024, sendo procedente a súa anulación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 103 da Lei 58/2003 de 17 de decembro xeral tributaria, establece a obriga de resolver expresamente, por parte da administración tributaria, todas as cuestións que se planteen nos procedementos de aplicación dos tributos, así como a notificar a dita resolución expresa

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xuño, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT) e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos. Publicada na súa versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021, sendo aplicable dende o 7 de xuño de 2021.

II.A. O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa, que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

II.B. Polo que se refire á data de devindicación, segundo dispón o artigo 6.2: “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindícaranse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrato nos cambios de titularidade, unha vez transcorrido o devengo”.



II.C. O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. ANULAR o seguinte recibo por cese de actividade comercial:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000642073	20243515022RL01R005244				2024	224.07 €

SEGUNDO. APROBAR a baixa no Padrón da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos por cese de actividade do seguinte suxeito pasivo:

SUXEITO PASIVO	
NIF	
Nº FIXO	
ENDEREZO TRIBUTARIO	

TERCEIRO. Comunicar estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo ao interesado.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito

3. APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DENOMINADO “INSTALACIÓN DE PASARELA PEONIL DE MADEIRA NO CASTRO SARRIDAL” E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 07.01.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DENOMINADO “INSTALACIÓN DE PASARELA PEONIL DE MADEIRA NO CASTRO SARRIDAL” E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Expte.: 2025/C003/000011



Este concello desexa levar a cabo o investimento denominado “Instalación de pasarela peonil de madeira no Castro Sarridal”, e para o seu financiamento necesita solicitar unha subvención á Excma. Deputación Provincial da Coruña, ao abeiro do programa de subvencións para realizar actuacións de protección especial sobre o patrimonio cultural público ou de xestión municipal (cód. DP0045).

O obxecto do antedito investimento é a construción dunha pasarela peonil de madeira tratada, no sendeiro que discorre hacia o mirador de Punta Sarridal e a praia de Sonreiras. Este sendeiro atravesa sobre un xacemento arqueolóxico da Edade do Ferro denominado Castro Sarridal, considerado un dos xacementos castrexos máis importantes no noroeste galego. Neste xacemento estanse levando a cabo intervencións arqueolóxicas, motivo polo cal o Concello propón a construción dunha pasarela peonil que permita ao público atravesar a zona donde se ubica a escavación arqueolóxica do castro, mellorando así a accesibilidade actual e permitindo a posibilidade de continuar coas actuacións de escavación e posta en valor do mesmo.

Por isto, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Aprobar o proxecto técnico denominado “Instalación de pasarela peonil de madeira no Castro Sarridal” redactado polo enxeñeiro D. Miguel Fiuza Canosa e asinado o 06.11.2025, polo importe total de 42.296,64 € (IVE incluído).
- 2.- Solicitar á Deputación Provincial da Coruña unha subvención ao abeiro do programa de subvencións para realizar actuacións de protección especial sobre o patrimonio cultural público ou de xestión municipal (cód. DP0045), co seguinte desglose económico:

Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Instalación de pasarela peonil de madeira no Castro Sarridal	33.837,00	8.459,64	42.296,64
TOTAL	33.837,00	8.459,64	42.296,64

- 3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade do terreo para a execución do investimento citado no apartado 1.
- 4.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento citado no apartado 1.
- 5.- Facultar expresamente ao Alcalde D. Pablo Diego Moreda Gil, con DNI para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.
- 6.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.



4. APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE MELLORA DE PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS 192 E OUTROS 10. POS+ADIC 2 2025

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 08.01.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE MELLORA DE PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS 192 E OUTROS 10. POS+ADIC 2 2025

Nº Expediente: 2025/C003/000004

Este concello necesita levar a cabo a contratación da obra denominada "MELLORA DE PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS 192 E OUTROS 10", segundo o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro Miguel Fiuza Canosa en febreiro de 2025, cun orzamento que ascende á cantidade de 135.688,00 € IVE incluído.

O citado proxecto técnico está incluído no Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial (POS+2025), e foi aprobado polo Pleno municipal de data 06.02.2025.

Con posterioridade á súa remisión á Deputación Provincial, recibíuse un requirimento para a súa emenda debido á obrigatoriedade de adaptar a estrutura prevista nas bases do POS. O proxecto emendado, asinado dixitalmente con data 24.02.2025, foi aprobado mediante a Resolución de Alcaldía núm. 560/2025 de 21 de outubro e remitido novamente á Deputación Provincial. As súas modificacións non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin á súa valoración económica.

Mediante a circular de setembro de 2025 da Deputación Provincial foi aprobada a 1ª fase do POS+ADICIONAL 2/2025, na cal consta incluído este investimento.

A actuación que se pretende é a mellora da pavimentación dos viais municipais contemplados no proxecto, limpeza das marxes, aperturas de cunetas e acondicionamento das obras de drenaxe.

Constan no expediente as seguintes autorizacións sectoriais:

- Augas de Galicia. Declaración responsable de data 31.01.2025, expte DH.W15.106434
- Deputación Provincial da Coruña. Resolución de autorización de 09.04.2025, expte. 2025000002674
- Axencia Galega de Infraestruturas. Resoluc. de autoriz. De 17.03.2025, expte IF205D/AC/2025/0014
- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Resoluc. de autoriz. De 13.02.2025, expte. XTC-2025-0134.AUI
- Resolución da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático pola que se autorizan as obras (expte. A-2025/043).

Consta así mesmo no expediente o informe técnico emitido polo redactor do proxecto en novembro de 2025 sobre o cumprimento de condicións deste documento coas autorizacións sectoriais citadas.

Constan así mesmo no expediente os seguintes documentos: Os documentos e actuacións obxecto de fiscalización constan no expediente de contratación número 2025/C003/000004:

- Proxecto técnico redactado polo enxeñeiro Miguel Fiuza Canosa en febreiro de 2025, cun orzamento que ascende ao importe de 135.688,00 € IVE incluído.



- Informes técnicos sobre a non división en lotes, sobre a necesidade de autorizacións sectoriais e sobre a aptitude urbanística, de datas 04.02.2025 e 19.11.2025.
- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos de data 04.02.2025 asinado polo arquitecto técnico municipal e a secretaria do Concello.
- Memoria xustificativa da necesidade do contrato de data 31.01.2025 asinado pola Alcaldía.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Alcaldía o 20.08.2025.
- Acta de replanteo previo de data 23.10.2025
- Providencia da Alcaldía de data 28.11.2025 propoñendo o inicio do expediente de contratación de obra.
- Informe xurídico favorable, de data 17.12.2025
- Informe de fiscalización favorable, de data 18.12.2025

Por todo o exposto, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, para o proxecto denominado “MELLORA DE PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS 192 E OUTROS 10”.
2. Autorizar, en contía de 135.688,00 € IVE incluído, o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada.
3. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de obra denominado “MELLORA DE PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS 192 E OUTROS 10” por procedemento aberto simplificado e asinado pola Alcaldía con data 20.08.2025.
4. Publicar a licitación na Plataforma de Contratos do Estado, expresando que o prazo de presentación de proposicións será de **vinte (20) días naturais** contados desde o día seguinte ao da súa publicación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

5. ASUNTOS VARIOS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 13:52 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria accidental, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA ACCTAL
Mª DEL MAR ANTÓN BRAGE